

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER (FAGAL) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA SERIE DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E APOIO AOS FAMILIARES E COIDADORES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

1. Que o Servizo Galego de Saúde formalizou con FAGAL o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que vai desde o día seguinte da súa sinatura ata o 31/12/2018.
2. Que o instrumento convencional ten por obxecto:
 - o desenvolvemento dunha serie de actividades no ámbito territorial de actuación da federación cos seguintes obxectivos:
 1. Formación continuada dos profesionais que traballan ou colaboran coas asociacións.
 2. Formación continuada das persoas que integran as directivas das asociacións de enfermos de Alzheimer e familiares.
 3. Deseño e desenvolvemento conxunto de programas de formación e coidados de coidadores.
 4. Sensibilización social.
 5. Información, orientación e asesoramento a familiares e coidadores.
 6. Deseño e desenvolvemento conxunto de programas psicoeducativos.
 7. Difusión de cuestións relacionadas coa atención e o coidado das persoas que padecen unha demencia e as que as coidan.
3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
4. Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:
 - no ámbito da nosa comunidade, o avellentamento da poboación sofre un aumento dos problemas dexenerativos e, entre eles, está a Enfermidade de Alzheimer.
 - Estas persoas con frecuencia viven coa súa familia, tendo moitas veces que resolver problemas que entrañan unha gran dificultade, xerando situacións inquietantes para os familiares necesitado dun apoio multidisciplinar desde o ámbito da atención primaria de saúde.
 - O modelo de atención na saúde mental, da prioridade á atención na comunidade e a integración social do enfermo, debéndose levar a cabo programas de achegamento á poboación xeral, e en especial de non discriminación neste colectivo.
 - FAGAL é unha entidade que leva a cabo actividades de axuda e apoio ós familiares de enfermos do Alzheimer, tendo como un dos seus fins a formación dos coidadores principais e a divulgación e sensibilización da poboación sobre esta enfermidade.
5. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

